

Análise dalgunhas características do italiano coloquial en *Nuovi racconti romani* de A. Moravia

.....
María Montes

1 ► Introducción

Nuovi racconti romani publícase no ano 1959. O escenario é a Roma popular e suburbana dos anos Cincuenta. Moravia reflexa nesta obra a vida duns personaxes romanos que viven dun xeito precario e en condicións de verdadeira miseria, e a súa única preocupación é acaba-lo día satisfacendo as necesidades máis elementais. “L’istinto di conservazione di questi personaggi -afirma Pandini- è uguale per intensità a quello di altri esseri “naturali”, che non hanno principi d’etica e di morale, che non guardano al futuro o si sorprendono inclini alla conservazione o al possesso, ma vivono piuttosto alla giornata”¹.

Sempre se lle recoñeceu a Moravia o mérito de ter usado na súa extensísima obra unha lingua compacta e sobria, funcional e comunicativa. Este é un dato irrefutable e unha constante no escritor romano.

A este respecto R. Sirri afirma que: “La lingua comune, comune mezzo di comunicazione, che indifferentemente tiene la piazza e il mercato, gli uffici e il

caffè, viene immediatamente, voglio dire senza alcuna mediazione, immessa nella pagina letteraria”². 351

Para Cimmino o escritor romano é fundamentalmente un escritor burgués, e non ten verdadeira vocación popular: “Il suo linguaggio popolaresco é sempre un fatto piuttosto esteriore e formale”³. Sen embargo, o propio Moravia afirma que non é só un escritor da clase burguesa e que coñeceu de cerca o pobo⁴.

Como teremos ocasión de comprobar, na obra analizada Moravia fai uso de abundantes coloquialismos e dialectalismos. A este respecto traemos aquí a colación as verbas de G. L. Beccaria: “Anche Moravia, che in genere ha sempre guardato ad una lingua media che eviti gergo e dialetto e che è sempre rimasto lontano dal compiacimento della citazione, aderisce al nerorealismo linguistico nei bozzetti dei *Racconti romani* (1954) e dei *Nuovi racconti romani* (1959) impastati appunto di vernacolo”⁵.

Para R. Klos “Le locuzioni colloquiali e familiari sono molto frequenti nella letteratura neorealista. Si postula invece la semplicità lessicale e sintattica

.....
¹ Cfr. G. Pandini, *Invito alla lettura di Moravia*, Milano, Mursia, 1973, p. 100.

² Cfr. R. Sirri, “Improvvisando su Moravia”, A.I.O.N., XXXIII, 2, (1991), p. 450.

³ Cfr. N. F. Cimmino, *Lettura di Moravia*, Giovanni Volpe Editore, Roma, 1966, p. 143.

⁴ V. A. Moravia-A. Elkann, *Vita di Moravia*, Milano, Bompiani, 1990, p. 131.

⁵ Cfr. G. L. Beccaria, *Italiano letterario. Profilo storico*, UTET, Torino, 1989, p. 198.

che riflettono bene l'immediatezza delle forme colloquiali"⁶.

2 ► Italiano colloquial

No presente traballo analizaremos algunhas expresións, palabras ou rasgos que poidan ter connotacións sociolingüísticas, ou se se quere, que non adoitan pertencer á escritura ou á fala coitada⁷.

Xunto co italiano popular, o italiano colloquial constitúe o núcleo principal do italiano sub-standard, compartindo en parte os mesmos rasgos as dúas variedades.

Para G. Berruto a diferenza fundamental consiste en que "L'italiano colloquiale è adoperato in maniera indipendente dalla classe sociale di appartenenza, da parlanti di ogni cetto e di ogni grado di istruzione; anzi, nella misura in cui parlanti culturalmente sfavoriti hanno a disposizione solo l'italiano popolare, l'italiano colloquiale è varietà *non* degli strati bassi"⁸.

352 Así, pois, o italiano colloquial é usado de maneira independente da clase social á que se pertenza por falantes de distintos niveis culturais⁹.

1.1 Léxico

A parte fundamental do chamado italiano colloquial está constituída polo léxico. En *Nuovi racconti romani*, como teremos ocasión de comprobar, rexístranse moitos termos coloquiais e dialectais. A este respecto convén lembrar aquí as verbas de Berruto: "Esiste una serie di termini o espressioni largamente usate nel parlato quotidiano, in genere di origine gergale ma che mostrano di avere un impiego, se non panitaliano, ampiamente interregionale e di conservare una connotazione espressiva avendo tuttavia perduto

la particolare carica semantica che era loro propria"¹⁰.

Así, pois, tendo en conta o dito máis arriba, ocupámonos en primeiro lugar do léxico, se ben non convén infravalora-la importancia da morfosintaxe, aínda que moitos dos rasgos sexan comúns co italiano popular.

1. 1. 1 Coloquialismos

Como xa dixemos con anterioridade, Moravia emprega unha lingua media e homoxénea, que evita xerga e dialecto; sen embargo, na obra analizada, son abundantes os termos coloquiais¹¹.

En primeiro lugar quixeramos facer mención dun abundante número de termos pertencentes ó denominado italiano colloquial, e que aparecen en boca dos protagonistas de *Nuovi racconti romani*. Vexámo-los máis representativos: *Andare via*:

Gaetano Berruto considera que este é un coloquialismo empregado no canto da forma "andarsene"¹². Nós puidemos constatar que Moravia alterna esta forma coloquial coa culta "andarsene", como se pode comprobar no seguinte exemplo: "Me ne vado, *vado via* di casa" (p. 450).

Attacare: O escritor romano utiliza este verbo, que Zingarelli define como familiar, co significado de "molestare con discorsi e chiacchiere interminabili"¹³: "No, bello mio, no, non fare il modesto, con me non *attacca*..." (p. 235).

Beccare: Atopamos en máis dunha ocasión este coloquialismo en vez da forma culta "acquistare": "Lo sai perché la bambina si è *beccato* quel febbrone?" (p. 275).

Campare: Igualmente rexistramos este verbo en varias ocasións en *Nuovi racconti romani*. Aparece coma o resto dos coloquialismos, nos diálogos dos personaxes e significa "vivere, sia

Cfr. R. Klos, "Il realismo del dopoguerra e i narratori del Politecnico", *Studi Novecenteschi*, XII, 29, (1985), p. 102.

⁷ Eleixímo-los rasgos que nos pareceron particularmente significativos, servíndonos libremente do esquema proposto por G. Berruto en *Sociologia dell'italiano contemporaneo*, Roma, La Nuova Italia Scientifica, 1987 e M. Berretta, "Il parlato italiano contemporaneo", en *Storia della lingua italiana*, II, Einaudi, Torino, 1994, pp. 239-270.

⁸ Cfr. G. Berruto, *Sociol. dell'ital. contemp.*, p. 139.

⁹ Cfr. G. Berruto, *Sociol. dell'ital. contemp.*, p. 139.

¹⁰ Cfr. G. Berruto, *Sociol. dell'ital. contemp.*, p. 141.

¹¹ Para a recollida do material expurgámo-la obra de Moravia *Nuovi racconti romani*, e citaremos sempre pola edición das *Opere complete*, Vol. 4, Milano, Bompiani, 1975.

¹² Cfr. G. Berruto, *Sociol. dell'ital. contemp.*, p. 143.

¹³ Cfr. N. Zingarelli, *Il Nuovo Zingarelli*, Bologna, Zanichelli, 1984, s. v.

pur con sforzo e difficoltà”: “Vuole che *campiamo* con quello che lui guadagna” (p. 318).

Cascare: Forma coloquial co significado de “andare a finire bene”: “Sono *cascata* bene” (p.31).

Far cagnara: “Chiasso de gente che litiga o si diverte”: “Possono far cagnara, dico io” (p. 433).

Fesso: Para G. Berruto este é un coloquialismo lexical co significado de “stupido”¹⁴: “È diverso. Più *fesso*? (p. 518).

Fifone: Moravia emprega esta forma coloquial no senso de “pauroso”: “Ecco il solito signor *fifone*” (p.27).

Inguaiare: O escritor romano sêvese deste verbo coloquial co significado de “mettere nei guai”: “Che hai *inguaiato*, Mirella” (p. 215).

Patacche: Esta é outra forma coloquial, que significa -según Zingarelli- “macchia di sudiciume, spec. di grasso”: “Tu con questo frak nero pieno di *patacche* sembri proprio un beccamorto” (p. 539).

Pupo: “Bambino piccolo”: “Le fasce del *pupo* stese ad asciugare sul fil di ferro” (p. 330).

Scocciare: Coloquialismo que Moravia pon en boca dos seus personaxes co significado de “importunare, infastidire”: “Lavori e non *scocci*” (p. 467).

Sfangarla: Variante coloquial, que para Zingarelli significa “cavarsela, riuscire a sottrarsi a un pericolo, a una difficoltà, nel lavoro non desiderato”: “E quando dico *sfangarla*, dico che riuscio a mangiare e a pagarmi un letto in un sottoscala” (p. 232).

Spicciare: Forma coloquial co significado de “liberarsi da qc. o da qc. noioso”: “Alla fine *spiccicò*: sono le otto” (p. 385).

Spilorci: “Taccagno, tirchio”: “Razza di *spilorci*” (p.478).

Staccare: “Cessare il lavoro”: “Signorina, quando *stacca*? Vuol dire quando finisco qui” (p. 426).

A parte convén sinalar numerosos lexemas de significado xenérico referidos a persoas como *coso*, *cosino*, ou a cousas como *roba*. Vexamos algúns dos exemplos rexistrados: “Poi si mise con *coso*, *cosino*,

come si chiamava...ah si il tenente Tessitore” (p.236). “È *roba* buona e si vende bene...e mi raccomando, prendete anche i sigari” (p. 202). “L’oste ci apparecchiò un tavolino in un angolo e quindi ordinammo, tutta *roba* greve, romanesca” (p. 365).

1. 1. 2 Dialectalismos

Aínda que en menor medida cóos coloquialismos, tamén se rexistran abundantes exemplos de dialectalismos. Como no caso dos termos coloquiais, os termos dialectais aparecen case sempre nos diálogos dos personaxes de *Nuovi racconti romani*. Ímonos ocupar en primeiro lugar dunhas formas dialectais co sufixo **-aro**. Este sufixo indica nomes de persoa que exercitan un determinado oficio. Vexamos a continuación algúns dos exemplos máis representativos:

Bottigliaro: “Dial. operaio di una vetreria”: “Stracciarolo e *bottigliaro*” (p. 270).

pecoraro: “Guardiano di pecore”: “*Pecoraro* mangiaricotta” (p. 548).

Stagnaro: “Dial. artigiano che salda con lo stagno e fa lavori in latta”: “Mi gridò: *stagnaro*, *stagnaro*” (p. 560).

Outros termos de distinta procedencia dialectal e que cómpre destacar aquí son os seguintes:

Do dialecto meridional salientarémola forma *Cafoni* “contadino”: “Ci comportiamo da *cafoni*” (p. 434).

Do romanesco rexistramos dous termos: *Mammaroli* “attaccato alle gonne della madre”¹⁵: “A Roma i figli come me si chiamano *mammaroli*, per canzonarli” (p. 339).

Mò “ora, adesso”: “*Mò* ditemi dove volete che vi porti” (p. 359).

Do toscano destacarémolo termo *Traccagnotto* “piccolo e tarchiato”: “Io dal canto mio sono un *traccagnotto*” (p. 134).

E xa para concluír este apartado, quixeramos facer mención dun termo dialectal que aparece reiteradamente en *Nuovi racconti romani*. Referímonos á forma rexional *Piantarla* “smetterla”¹⁶: “Ahò, *piantiamola* una buona volta” (p. 237)

¹⁴ Cfr. G. Berruto, *Sociol. dell’ital. contemp.*, p. 144.

¹⁵ Cfr. S. Battaglia, *Grande Dizionario della Lingua Italiana*, Torino, UTET, s. v.

¹⁶ Cfr. M. Dardano, *Nuovissimo Dizionario della Lingua Italiana*, Roma, Armando Curcio Editore, 1986, s. v.

1. 2 Morfosintaxe

Outra característica do italiano coloquial¹⁷ é a presenza dun grupo de verbos pronominais con dobre pronome. Moravia en *Nuovi racconti romani* emprégao abundantemente. Vexamos algúns dos exemplos:

“*Se la sente di rivenderlo*” (p. 159).

“*Non ce l’avevo con lui*” (p. 166).

“*E a te che te ne frega?*” (p. 199).

“*La Roma non ce la fa con la Lazio*” (p. 23).

A partícula modal *mica* enfatiza e reforza a negación¹⁸:

“*Mica avrà la gobba, eh?*” (p. 144).

Tamén aparece como negación simple posverbal:

“*Non ci avrei mica creduto*” (p. 86).

Igualmente é recorrente o emprego adxectivo-predicativo¹⁹ de *niente*:

“*Niente caffè, la macchina ancora non funziona*” (p. 55).

“*Niente crisi, eh?*” (p. 544).

“*Niente contraccambio*” (p. 143).

En canto ó emprego do subxuntivo, cómpre dicir que Moravia, en *Nuovi racconti romani*, substitúe o indicativo polo subxuntivo en escasas ocasións:

“*Non dirmi niente se non vuoi che ti spacco la faccia*” (p. 432).

“*Se non me lo ricordavi tu, me ne sarei dimenticato*” (p. 301).

No ámbito dos pronomes persoais cómpre destacar a perda de oposición entre formas suxeito e outras formas, concretamente na segunda persoa de singular, onde *te* por *tu* aparece na variante coloquial:

“*E te le bevi tutte qui, all’osteria*” (p. 535).

“*Te ed io dobbiamo parlare*” (p. 217).

Outra característica do italiano coloquial é a denominada dislocación á esquerda, que responde á esixencia de colocar no primeiro posto aquilo do que se fala. Son abundantísimos os

exemplos rexistrados na obra estudada:

“*Il taxi ce l’ho al garage*” (p. 129).

“*Il fiato ce l’hai?*” (p. 22).

“*L’amore lei l’ha mai provato?*” (p. 11).

Menos frecuente cá dislocación á esquerda é a dislocación á dereita, onde un elemento nominal destacado, é colocado despois do núcleo da frase²⁰:

“*Lo vedi, l’elefante?*” (p. 32).

“*Me la dai una sigaretta?*” (p. 49).

“*Ma lo sai il proverbio?*” (p. 145).

Igualmente son propios do italiano coloquial construcións do tipo:

“*A te ti converrebbe girare con una mascherina*” (p. 158).

“*Quelle donne a me non mi hanno mai detto niente*” (p. 458).

“*A me sempre le parti da burino mi fai fare*” (p. 550).

Para Sabatini este tipo está á base de construcións como a *me mi*, que na lingua coloquial son normais (aínda que non son obrigatorias coma no caso do español a *mi me*²¹).

Outra característica do italiano coloquial é o emprego do denominado *che* polivalente²². Vexamos algúns exemplos rastrexados en *Nuovi racconti romani*:

“*Capre, che sono venuta a vedere le capre?*” (p. 33).

“*Sono tornato da lei dopo aver girato mezza Roma, che non mi reggo più in piedi dalla stanchezza*” (p. 19).

3 ► Conclusión

Xa dixemos con anterioridade que a lingua moraviana é clara e precisa para a comunicación. Para F. Suitner “Moravia è sempre stato nella sua scrittura intransigentemente fedele ad uno stile referenziale, scabro, comunicativo, in piena linea con le sue con-

¹⁷ V. G. Berruto, *Sociol. dell’ital. contemp.*, p. 146.

¹⁸ V. M. Berretta, “Il parlato ital. contemp.” p. 248.

¹⁹ V. G. Berruto, “Varietà diamesiche, diastratiche, diafasiche” en *Introduzione all’italiano contemporaneo. La variazione e gli usi*, Bari, Laterza, 1993, pp. 37-92.

²⁰ V. M. Berretta, “Il parlato ital. contemp.”, p. 256.

²¹ V. Sabatini, “L’italiano dell’uso medio: una realtà tra le varietà linguistiche italiane”, en G. Holtus e E. Radtke, *Gesprochenes Italienisch in Geschichte und Gegenwart*, Tübingen, 1985, p. 162.

²² V. G. Berruto, “Varietà diam., diastr., diaf.”, p. 47.

vinzioni. Nulla è stato più alieno da lui del manierismo linguistico, della propensione al “gioco” letterario”²³.

E, pois, opinión compartida por parte da crítica que o escritor romano fai uso dunha lingua común, homoxénea e uniforme, que evite xerga e dialecto. Sen embargo, e como tivemos ocasión de constatar, en *Nuovi racconti romani* emprega abundantes termos coloquiais e de procedencia dialectal.

De calquera xeito, Moravia utiliza o italiano coloquial alternándoo co culto e non se rexistran longos párrafos onde abunden termos coloquiais encadeados, xa que o nivel culto é o máis abundante.

A parte dos rasgos que xa enumeramos, quixeramos destacar aquí os seguintes:

Bastante frecuente é o emprego do adxectivo duplicado en función atributiva ou adverbial. Trátase dun tipo de superlativo do sustantivo, pero usado cunha finalidade expresiva:

“Molti avevano i costumi egiziani, *corti corti* (p. 145).

“Un panciutello *nero nero* (p. 131).

Entre os verbos máis recurrentes no italiano coloquial son importantes os verbos pronominais, que forman unha unidade lexical cun ou dous pronomes. Son varios os exemplos atopados en *Nuovi racconti romani*:

“Te l’ho fatta” (p. 65).

“Se la sentiva” (p. 25)

“Ce l’hai fatta” (p. 453).

“Ce l’ho con lui” (259).

“Tali verbi -afirma Berretta- hanno un significato autonomo rispetto al parallelo verbo senza pronome, talora ne sono una variante colloquiale, sentita come più espressiva”²⁴.

O contacto co interlocutor fai necesario o emprego dunha ampla gama de sinais de articulación ou demarcativos²⁵. Para Berretta “I segnali discorsivi servono a mantenere e gestire il contatto, la relazione sociale con l’interlocutore. Con essi si attira l’attenzione dell’interlocutore”. Vexamos algúns dos exemplos rastrexados na obra analizada:

“*Ma di un po’*, Parodi è un tipo svelto” (p. 148).

“*Senti un po’*, Rodolfo, e dimmi se non c’è da

ridere” (p. 300).

“*Guarda* che anche questa notte Marcella non è ancora rientrata” (p. 555).

Volvendo ós rasgos lingüísticos dos rexistros baixos, podemos observar cunha certa frecuencia formas de primeira e terceira persoa con apócope:

“*son fatto così*” (p. 167).

A estas formas hai que engadi-los infinitivos:

“Aho, non *alzar* la voce” (P. 99).

“*Voglio esse pagato*” (p. 131).

Para Berretta “A Roma e in altre varietà si ha - sempre in pronuncia trascurata- troncamento dell’ultima sillaba negli infiniti”²⁶

En *Nuovi racconti romani* rexístranse unha serie de fórmulas típicas de apertura que anuncian unha intervención, coma por exemplo *beh*²⁷:

“*Beh* Giuseppina, si capisce, tu gli vuoi bene a tuo marito” (p. 89).

“*Beh*, si capisce... (p. 88).

A parte dos xa citados con anterioridade, imos destacar agora unha serie de exemplos onde aparecen epítetos inxuriosos acumulados:

“*Svergognato, impunito, sfruttatore, negriero*” (p. 535).

“*Sei un cafone, sei un villano, sei un maleducato*” (p. 494).

“*Sei una morta di fame, una scocciatrice e una cretina*” (p. 493).

Igualmente cómpre destaca-lo abundante emprego de dialectalismos nesta obra. Lembremos algún outro exemplo, a parte dos xa vistos con anterioridade:

“*Te vié una voia matta de baciallo*” (p. 497).

“Mi faceva un certo effetto vedere quella faccia gialla che parlava romanesco e diceva come noialtri romani veri di Soma: “*andorno, quadrini, scafato, boccio, racchio e così via*” (p. 540).

“*O de riffe o de raffe, l’hai da pigliare*” (p. 545).

“*Tu devi lavorare. Intanto, tiè, prendi queste sigarette*” (p. 148).

E, para rematar, quixeramos sinalar que Moravia representa con viveza e precisión de matices as gradacións sociais. Sabe que os seus personaxes falan dialecto e así o reflexa nos seus diálogos en *Nuovi*

²³ Cfr. F. Suijter, “Moravia e la sua idea del narrare”, *Nuovi Argomenti*, (1989), XVI, pp. 129-130.

²⁴ Cfr. Berretta, “Il parlato ital. contemp.” p.268.

²⁵ V. G. Berruto, *Sociol. dell’ital. contem.*, p. 146.

²⁶ Cfr. M. Berretta, “Il parlato ital. contemp.”, p. 266.

²⁷ V. M. Berretta, “Il parlato ital. contemp.”, p. 247.

racconti romani. Para I. Baldelli “Il problema linguistico e stilistico più complesso della narrativa italiana è quello di far parlare la gente, la gente delle diverse classi sociali e dei diversi ceti, proprio perchè lo scrittore sensibile alla realtà sociale e umana a cui si ispira sa bene che i suoi personaggi popolari (...) parlano dialetto e un italiano con presenze dialettali”²⁸.

E como colofón queremos comparti-la opinión de G. Berruto cando afirma que unha característica deste tipo de léxico é o feito de referirse ás simples relacións sociais cotiás e ás experiencias elementais de vida diaria²⁹. A este respecto o propio Moravia afirmaba que un escritor, e sobre todo un novelista deber ser sempre intérprete da realidade contemporánea³⁰.

²⁸Cfr. I. Baldelli, “Lessico e prosa letteraria italiana contemporanea”, en *Parallela*, (1983), pp. 234-46.

²⁹ V. G. Berruto, *Sociol. dell'ital. contemp.*, p. 145.

³⁰ V. O. del Buono, *Moravia*, Mialno, Feltrinelli, 1962, p. 20.